

# BOLETÍN APOEGAL

Boletín Dixital da Asociación Profesional  
de Orientación Educativa de Galicia

Nº 2 – DECEMBRO 2005



**A Asociación Profesional  
de Orientación Educativa de Galicia (APOEGAL)  
constitúese no ano 2004 co obxectivo de defender e promover  
a Orientación Educativa en tódalas súas vertentes**

# ÍNDICE DE CONTIDOS

<b>Facendo historia.....</b>	<b>3</b>
<b>II Encontro Nacional de Orientación.....</b>	<b>4</b>
<b>Actualidade de APOEGAL.....</b>	<b>13</b>
<b>Novas da COPOE.....</b>	<b>16</b>
<b>Axenda.....</b>	<b>17</b>
<b>Tribuna Aberta.....</b>	<b>19</b>
<b>Contacta con nós.....</b>	<b>20</b>

# FACENDO HISTORIA



**Mérida, decembro de 2005.** O grupo de orientadores galegos que viaxamos con APOEGAL posamos xunto a Magdalena Duarte Blanco, que viña de participar nunha mesa redonda neste II Encontro Nacional de Orientadores. Sómente nos separan dous anos da imaxe de máis abaixo, captada o día no que unha vintena de orientadores galegos chegábamos a Toledo co fin de participar no I Encontro Nacional.



**Toledo, maio de 2003.** A maioría dos que estivemos en Toledo repetimos a experiencia. Daquela non éramos tantos... pero tiñamos moito entusiasmo. Alí fraguouse a idea de constituírnos como asociación, e así o fixemos. Naquela ocasión o tempo acompañounos.



O II Encontro Nacional de Orientadores celebrouse no Palacio de Congresos e Exposicións de Mérida os días 2, 3 e 4 de decembro. Promovido pola COPOE (Confederación de Organizaciones de Psicopedagogía y Orientación de España) e organizado por APOEX (Asociación Profesional de Orientadores en Extremadura), o evento supuxo dotar de continuidade ao movemento asociativo que xerminou no I Encontro Nacional de Orientadores, celebrado en Toledo en 2003. Nas dúas ocasións houbo unha nutrida representación de orientadores galegos, que se animaron a participar nunha viaxe conxunta organizada por APOEGAL.

O lema que presidiu a cita foi: "Por unha Orientación de calidade para todos". E estes foron os obxectivos do encontro:

- Coñecer a situación da orientación nas diferentes comunidades autónomas, e analizar as diferentes realidades en España.
- Analizar os novos retos e problemáticas ás que se enfrontan os profesionais da orientación.
- Canalizar as necesidades e novas demandas da orientación de forma real e efectiva.
- Aportar liñas de actuación eficaces ante as novas demandas sociofamiliares e educativas.
- Dar a coñecer o potencial das novas tecnoloxías como ferramenta en orientación, como fonte de información e como medio de comunicación.
- Compartir experiencias profesionais na liña de traballos colaborativos.

O encontro inaugurouse coa Conferencia do profesor D. José Luis García Garrido, da que aquí ofrecemos un resumo por considerala de gran interese.

Para máis información sobre o Encontro, como por exemplo para descargar as comunicacións presentadas, consultar a páxina oficial do evento:

<http://www.apoex.net/encuentro/index.htm>



Queremos destacar pola súa relevancia a conferencia de García Garrido, na que plantexou os temas seguintes:

## **1. TEMAS CANDENTES NAS REFORMAS EDUCATIVAS**

-A calidade concibida unicamente como elevación dos niveis de rendemento académico.

-A diversidade como parte do dereito á igualdade.

-Formación para o emprego.

-Clima de convivencia.

-Plantexamento intercultural.

A orientación escolar debe actuar neses cinco apartados desde o docente e desde servizos especializados:

-Para un mellor rendemento.

-Para unha atención personalizada

-Para o emprego e/ou a escolarización futura.

-Para o mellor exercicio da cidadanía.

-Para a convivencia intercultural.

## **2. A ORIENTACIÓN ESCOLAR EN EUROPA**

### **\*Orientación escolar nas escolas alemanas:**

-Predominio da orientación profesional.

-Organismo clave: o servizo federal de emprego.

-Orientadores na escola: profesores da área de traballo e economía, intervindo fundamentalmente nos dous últimos anos de cada ciclo.

-Preocupación polo conflito postescolar.

### **\*Orientación escolar en Francia:**

-Importancia do conselleiro de formación psicolóxica: o COP.

-Realización dun proxecto de orientación para cada alumno/a elaborado polo equipo educativo do centro.

-Momento clave: ós 15 anos. Finalización da súa secundaria.



## **\*Orientación en Gran Bretaña.**

Dos vías de orientación:

- 1) school counseling: orientación psicológica.
- 2) careers education and guidance (CEG): formación vocacional académica.

## **\*Una visión de conxunto en Europa:**

- Diferencias de concepto.
- Diferentes “actores” da orientación.
- Existencia de servicios externos de orientación.
- Crecente demanda de apoios.

## **3. O MODELO DE ESTADOS UNIDOS**

-The counselor: figura clave na escola norteamericana. Hai no país americano medio millón de counselors.

-Tipoloxía e tarefas do counselor: é un técnico en estudos. Un pedagogo na liña da career education. A existencia de tantas materias e áreas de estudo con distintos niveis fan imprescindible o seu traballo.

-Status: Está moi ben pagado. Ten boas perspectivas en Estados Unidos, porque falta por completar o traballo na Educación Primaria.

-Importancia da ACA (American Counseling Association) cunha forza e poder inmenso.

## **4. A ORIENTACIÓN NUN CONTEXTO DESORIENTADO.**

-A orientación académica como centro da tarefa orientadora.

**“En cierto sentido, la educación se ve obligada a proporcionar las cartas náuticas de un mundo complejo y en perpetua agitación y, al mismo tiempo, la brújula para poder navegar por él.”**

(Unesco, Informe Delors, 1997)



Dentro dos **SIMPOSIOS**, destacamos os seguintes puntos tratados polos relatores:

▪ **Orientación Primaria:**

- Excesivas demandas de atención individual e remedial.
- Excesivas funciones.
- Escasa intervención no PAT, POAP...
- Poucas sistematización.

E a utilización das seguintes estratexias para superar esta problemática:

- Análise exhaustivo do centro e do contorno.
- Coordinación coa xefatura de estudos.
- Utilización da CCP para os proxectos pedagóxicos dentro do centro.
- Busca de solución conxuntas.
- Crítica á organización e non realizar xuízos de valor.

▪ **Na orientación secundaria**

**Luis Barriocanal** falou da seguinte problemática:

- Existencia dun orientador independentemente do número de alumnos/as.
- A hiperresponsabilización: “queremos chegar a todo”.
- A dispersión das tarefas.
- A hipertrofia de funcións.
- A clarificación do rol de orientador.

▪ Dentro do Simposio “**A Orientación dentro do Estado Español**”, queremos facer as seguintes pinceladas:

- Os orientadores teñen horario lectivo nalgunhas comunidades autónomas e noutras non..
- A Comunidade Foral de Navarra vai voltar os servizos externos de **orientación** despois da posta en marcha en 1999 do seu modelo de orientación.
- Nos IES de Navarra cunha matrícula de 800-1000 alumnos/as hai 2 orientadores.
- A comunidade autónoma de Extremadura dotou os IES cun Educador Social.
- A comunidade autónoma de Castela-A Mancha iniciou este curso escolar unha nova organización do seu modelo orientativo.



## RECURSOS ACHEGADOS

-**Guías de orientación.** Curso 05/06. Para estudantes de ESO editadas pola COPOE.

-**Páxinas web interesantes para o departamento de orientación:**

<http://cefirelda.infoville.net>

<http://imp.act.uji.es/moodle/login.index.plup>

<http://personal.telefónica.terra.es/web/Medellín.badajoz/pprincipal.htm>

Tamén queremos destacar a **presentación** por **Carlos Yuste Herranz da EIDAP** (Escala Informatizada de Aptitudes intelectuais) que estará a venda dentro de aproximadamente 6 meses. A EIDAP é un programa con soporte informatizado para ser utilizado diante dun ordenador. Ten como finalidade a avaliación individualizada de aptitudes intelectuais. Está organizado en cinco áreas de avaliación (Batería Básica, Batería de Memoria, Batería de Atención, Batería No-Verbal, Batería Complementaria) e cada área con 8 ou 9 niveis de idades, desde os 3 ata os 19 anos

O documento de conclusións do encontro podedes descargarlo na dirección:  
<http://www.apoegal.com/ConclusionesII.htm>



## Unha imaxe vale máis que mil palabras



O venres día 2 de decembro inaugúrase oficialmente o II Encontro Nacional de Orientadores en Mérida no Palacio de Congresos e Exposicións.



Representantes da Administración xunto a Juan Antonio Planas (no centro), presidente da COPOE, unha vez finalizada a presentación.



O primeiro día do Encontro no momento da chegada dos participantes: entégase a documentación e resólvense as preguntas fundamentais (¿onde queda a cafetería, por favor?).



O viño de honor. Na foto, entre outros, aparece José Antonio Moreno (con grabata vermella) de APOEX e José Luis Galve Manzano (con perilla), autor de moitos dos nosos libros de cabeceira.

## Unha imaxe vale máis que mil palabras



Aínda que o tempo non estivo da nosa parte, houbo tempo para facer algunha que outra ruta turístico-cultural. Na foto, no famoso teatro romano emeritense.



Mesa redonda na que participaron representantes de Galicia, Extremadura, Navarra e Castilla-La Mancha. A foto recolle o momento no que intervéñe Magdalena Duarte Blanco.



Á dereita do estrado expoñéronse os logotipos das 17 asociacións de orientadores que compoñen COPOE. Se os mirades de cerca, veredes que o logotipo galego é o máis bonito.



A instantánea recolle o momento en que se reunía a Xunta Directiva de COPOE, aproveitando a presenza da maioría dos seus membros en Mérida.

## Unha imaxe vale máis que mil palabras



José Antonio Moreno, de APOEX, presentou o proxecto GISPO (Gestión Informatizada de Servicios y Programas de Orientación) que aínda se encontra en fase experimental.



Primeiro plano de Celedonio Salguero, presidente de APOEX, entidade organizadora do evento. Despois duns meses frenéticos de traballo, o esforzo mereceu a pena.



Coma adoita ocorrer nestes casos, os corrillos nos corredores foron moi proveitosos: foi a oportunidade de intercambiar experiencias e impresións con profesionais de toda España.



Como mostra o sorriso destas catro rapazas (Lola, María, Nieves e Gema) en xeral o encontro discurriu nun ambiente distendido e ameno ao longo de toda a fin de semana.

## Unha imaxe vale máis que mil palabras



As principais editoriais relacionadas coa psicoloxía, pedagogía e orientación estiveron alí para expoñer e promocionar as súas últimas publicacións.



Na foto, a sala destinada a comunicacións sobre Novas Tecnoloxías. Unha delas a fixo o compañeiro de APOEGAL José Antonio Sarmiento.



Ben, xa se sabe que hai tempo para todo. Na foto, o presidente de APOEX e o presidente de COPOE comparten o típico momento nocturno de “exaltación da amizade”, rodeados de orientadores de Salamanca, A Coruña, Granada, Badajoz, Toledo, Zaragoza y La Rioja.



E chegou o colofón do encontro. Xusto antes da súa clausura, sorteouse un xamón de bellota ente os asistentes por cortesía dunha coñecida marca estremeña. Aínda que a man inocente foi a dunha galega, non fomos nós os agraciados.

## Primeiro contacto coa nova Administración

---

O pasado día 11 de novembro mantívose un encontro entre representantes de APOEGAL (José Luis Diéguez Ruibal, presidente, y Ana Torres Jack, vocal de comunicación) e a directora de Ordenación e Innovación Educativa, Dona M<sup>a</sup> José Pérez Mariño.

Na reunión abordáronse os seguintes temas:

1. Presentación de APOEGAL: proceso de constitución, obxectivos, membros, número de socios, proxectos... A directora xeral ofreceu colgar o link da páxina web da asociación no servidor da Xunta, idea que nos pareceu moi ben.
2. As liñas de actuación de APOEGAL como asociación constituínte de COPOE: o II Encontro Nacional de Orientadores de Mérida, os días 2, 3 e 4 de decembro. Comentamos que nunha das mesas redondas estará presente Magdalena Duarte Blanco, como asesora técnica da Administración.
3. Falamos da disposición para colaborar coa Administración en tódolos aspectos relacionados coa Orientación Educativa: asesoramento, publicacións conxuntas, formación...
  - Posible financiación do I Encontro de Orientadores de Galicia: comentounos que hai que facerlle una proposta por escrito, pero que existe esa posibilidade.
  - Posibilidade de financiar un folleto acerca dos Departamentos de Orientación dirixido ós pais (proposta feita na Asemblea por parte da Comisión de Publicacións e que na anterior reunión comentáramos que podería ser posible dentro da colección Orientacións e Respostas Educativas da Consellería). Manifestouse contraria a facer unha tirada impresa xa que pensa que os folletos non se aproveitan e acaban no lixo. Mostrouse disposta a elaborar un tríptico para enviar por correo electrónico aos centros pero xa despois de que entre en vigor a nova lei de educación.

4. Abordamos as principais preocupacións do colectivo de orientadores: presentámoslle o documento elaborado pola Comisión de Asesoramento de APOEGAL coas propostas de tódolos socios e socias da asociación. Dixo que o ía ler con detenimento, e comentou:

- **Que xa está aceptado o recoñecemento da Xefatura dos Departamentos de Orientación dos Centros de Primaria.**
- Que recoñece necesario reorganizar a adscrición de centros aos Dptos. De Orientación.
- Que está dacordo na necesidade de aumentar el número de orientadores nos centros que o necesitan pero sempre dependendo dos recursos económicos que implique.

5. Intencións da Consellería no futuro en relación ós Departamentos de Orientación, á Atención á Diversidade e á Orientación Educativa e Profesional. A directora xeral comentou que o seu equipo está nunha primeira fase de escoitar, coñecer o que hai, e valorar as posibles liñas de actuación, xa que queren ser cautos, sen precipitarse, e “facer as cousas ben”.

En xeral a impresión da entrevista mantida con Dona M<sup>a</sup> José Pérez Mariño foi positiva, e cremos que dalgún xeito se abriron as portas para futuras colaboracións.

## ¡Xa temos páxina web!

---

Como primeiro paso no desenvolvemento dun espazo virtual onde os orientadores e orientadoras da nosa comunidade poidan atopar un recurso que facilite o seu labor profesional presentámovos a páxina web da nosa asociación cuxo dominio é apoegal.com (<http://www.apoegal.com>)

A Comisión de Novas Tecnoloxías pretende que a nosa web sexa útil e dinámica polo que espera as vosas suxestión e achegas a través dos correos electrónicos das diferentes comisións e que aparecen na páxina. Co fin de alcanzar un maior dinamismo en breve comezará a funcionar un “blog” da asociación onde poderemos verter as nosas necesidades, impresións e visións sobre o noso desempeño profesional; onde teremos a posibilidade de solicitar asesoramento e axuda de compañeiros e compañeiras e onde tamén atoparemos recursos de utilidade para desenvolver o noso traballo orientador.

## ¿Quen quere botar unha man?

---

Aproveitamos dende este boletín para pedir a tódolos socios e socias colaboración naqueles temas cos que estean máis adoitados a traballar (informática, materiais educativos, publicacións,...) ou lles apeteza botar unha man de cara a empuxar desta asociación que aínda está dando os seus primeiros pasos. Non se trata de roubar tempo ao Departamento de Orientación, nin sequera ao noso tempo libre ou ás nosas familias. A través das novas tecnoloxías (correo electrónico, páxina web) un pode traballar a ratos sen restar tempo ás outras actividades da nosa vida cotiá.

Se aínda non estás nun grupo de traballo, estás a tempo de apuntarte. Só tes que comentalo a través da nosa dirección de correo [apoegal@yahoo.es](mailto:apoegal@yahoo.es) ou directamente na páxina web [www.apoegal.com](http://www.apoegal.com)

E seguro que, entre todos e todas, o faremos moito mellor.

## I Encontro de Orientadores de Galicia

---

É a nosa intención celebrar o I Encontro de Orientadores de Galicia a finais do segundo trimestre ou principio do terceiro. Esta primeira xuntanza imos facela en Ourense, xa que a idea é ir rotando polas catro provincias en anos sucesivos.

Iso si, para levalo á práctica necesitamos contar coa colaboración de cada un dos socios de APOEGAL , sobre todo en dous apartados:

- orientadores dispostos a participar na Comisión Organizadora do Encontro.
- orientadores dispostos a presentar a nivel individual ou grupal algún tipo de traballo, experiencia innovadora, comunicación ou material.

O obxectivo é dar a coñecer ao colectivo de orientadores as experiencias que se están a desenvolver dentro da comunidade galega e facer posible a coordinación entre uns e outros.

Se estás disposto a colaborar... xa sabes. Escríbenos ao noso correo.

## ¿Qué é COPOE?

---

Por se algún de vós aínda non sabe qué é a COPOE, lembrámosvos que o pasado 12 de marzo constituíse oficialmente a Confederación de Asociaciones de Psicopedagogía y Orientación de España, C.O.P.O.E., da que APOEGAL forma parte (tal e como se decidiu na Asamblea constituínte) xunto a outras 16 organizacións profesionais. A COPOE integra a orientadores, psicopedagogos, psicólogos educativos e pedagogos que exercen a súa función no ámbito educativo, laboral ou empresarial do sector público e privado, o que supón aglutinar a máis de 8.000 profesionais pertencentes ás diferentes Comunidades Autónomas.

As asociacións que conforman a COPOE son: Asociación Aragonesa De Psicopedagogía (AAP), Asociación del Profesorado De Psicología y Pedagogía de la Región De Murcia , Associació D´Orientadors i Orientadores De Les Illes Balears (AOIB) , Asociación Profesional de Orientación Educativa De Galicia (APOEGAL) , Asociacion Profesional De Orientadores en Andalucía (APOAN), Asociación Profesional de Orientadores en Extremadura (APOEX) , Asociación Valenciana de Orientación y Psicopedagogía (AVOP):, Sección de Pedagogía y Psicopedagogía del Colegio Oficial De Doctores y Licenciados en Filosofía y Letras y en Ciencias De Granada, Jaén y Almería. (Sepepsi), Asociación de Profesionales de La Orientación de La Rioja. (APOLAR), Asociación de Psicopedagogía de La Universitat Oberta De Catalunya (APUOC), Asociación Profesional de Orientadores En Castilla – La Mancha (APOCLAM), Asociación Española de Orientación y Psicopedagogía (AEOP), Asociación de Orientadores de Educación Secundaria de Granada (ASOSGRA), Asociación de Psicopedagogía de Euskadi (APSIDE), Asociación Castellano Leonesa de Psicología y Pedagogía (Aclpp), Asociación Canaria de Orientación y Psicopedagogía (ACOP), Asociación Madrileña de Orientación y Psicopedagogía. (AMOP).



## ▪ **Expodidàctica: Sal3n de los Recursos para la Educaci3n (Barcelona)**

Fechas: Del 23 al 25 de marzo de 2006

Localizaci3n: Barcelona (ciudad)

Organiza: Fira de Barcelona

Descripci3n:

Expodidàctica es el Sal3n de los Recursos para la Educaci3n que tiene como objetivo presentar la mejor oferta y las novedades en material didàctico, recursos pedag3gicos y equipos docentes. Una fuente ilimitada de recursos con las mejores soluciones para las necesidades de cualquier etapa del ciclo formativo: desde la educaci3n primaria hasta la universidad y la formaci3n continua.

Organizaci3n de contacto:

Barcelona (ciudad)

Telf: 902 233 200

Fax: 93 233 23 46

eMail: [expodidactica@firabcn.es](mailto:expodidactica@firabcn.es)

## ▪ **VII Convenci3n Iberoamericana de Estimulaci3n y Psicomotricidad. Nuevos retos para la educaci3n infantil**

Los Sistemas Educativos y de Salud, proponen importantes debates entorno a la etapa de desarrollo infantil comprendidas en las edades 0-6 a1os de vida y comienzan a prestar suma importancia a la etapa prenatal de la vida del neonato. En un debate reflexivo y acorde con los nuevos postulados cient3ficos se distinguen la participaci3n activa de la familia, la escuela y la sociedad proponiendo a la comunidad cient3fica nuevos retos.

Como continuidad de la anterior Convenci3n Iberoamericana sobre Estimulaci3n Prenatal y Temprana, : "La Escuela Inteligente". Nuevos modelos para la educaci3n infantil", surge la idea de ampliar la convocatoria de àmbito internacional con el tema: "Nuevos Retos para la Educaci3n Infantil", propiciando un espacio de debate cient3fico y humano en torno a los nuevos modelos pedag3gicos de escuelas para la primera infancia (0-6 a1os).

La Federaci3n Iberoamericana de Estimulaci3n Prenatal y Temprana acoge como sede a Cartagena, Espa1a, tierra de cultura, para convocar a todos sus miembros e interesados en general para juntos promulgar el significado y la idea de que: "Nada hay m1s importante que un ni1o".

Cartagena. Del 29 de Abril al 1 de Mayo de 2006

Para cualquier informaci3n consultar:

Tel. 91 631 43 58, Fax. 91 631 65 64, e-mail: [convencionfae@telefonica.net](mailto:convencionfae@telefonica.net)

<http://www.um.es/estudios/cursos/2005/estimulacion/>

- **VI JORNADAS CIENTÍFICAS DE INVESTIGACIÓN SOBRE PERSONAS CON DISCAPACIDAD: "ROMPIENDO INERCIAS, CLAVES PARA AVANZAR".**

Informes: <http://www.usal.es/inico/jornadas2006.htm>

Marzo 2006: 15 al 18, Salamanca, España.

- **IV CONGRESO DE TECNOLOGÍA, EDUCACIÓN Y DIVERSIDAD. TECNONEET 2006.**

Informes: <http://www.educarm.es/tecnoneet/>

Septiembre 2006: 21 al 23, Murcia, España.

- **JORNADAS NACIONALES DE SISTEMAS AUMENTATIVOS DE COMUNICACIÓN**

Del 24 de Marzo al 25 de Marzo de 2006.

Web: <http://fresno.cnice.mecd.es/rarguis/jornadas/>

Localidad: Zaragoza - España

- **CONGRESO DE LA ORGANIZACIÓN MUNDIAL DE AUTISMO (OMA).**

Del 27 de Noviembre al 29 de Noviembre de 2006.

Web:

Localidad: Ciudad del Cabo – SUDÁFRICA

- **PRIMER CONGRESO IBEROAMERICANO SOBRE SÍNDROME DE DOWN Y II ENCUENTRO LATINOAMERICANO DE ASOCIACIONES**

Del 11 de Mayo al 14 de Mayo de 2007.

Web: <http://www.asdra.org.ar>

Localidad: Buenos Aires – Argentina

- **XV CONGRESO DE LA FEDERACIÓN MUNDIAL DE PERSONAS SORDAS**

Del 16 de Julio al 22 de Julio de 2007.

Localidad: Madrid - ESPAÑA


Ábrese esta nova sección de interese para tódolos orientadores e orientadoras, socios ou non socios de APOEGAL.

Colabora connosco achegando:

- ❖ Opinións sobre feitos, programas ou actividades educativas.
- ❖ Materiais, dinámicas e recursos didácticos válidos para o departamento de orientación.
- ❖ Recensións de libros.
- ❖ Novas de acontecementos recentes: congresos, cursos..
- ❖ Frases, anécdotas e situacións divertidas relacionadas coa cuestión educativa.
- ❖ Fotografías de actividades escolares do teu centro educativo...

Só tes que envialo á dirección [comunicacions@apoegal.com](mailto:comunicacions@apoegal.com)

A nosa porta está aberta ás túas colaboracións...



# Contacta con nós

Se aínda non es socio, podes solicitarnos información e a folla de inscrición á dirección electrónica que aparece máis abaixo ou directamente na páxina web.

Se polo contrario xa es socio, entónces xa saberás que podes poñerte en contacto con nós para o que necesites:

**Asociación Profesional de Orientación Educativa de Galicia**

Páxina web: [www.apoegal.com](http://www.apoegal.com)

Correo electrónico da asociación: [apoegal@yahoo.es](mailto:apoegal@yahoo.es)

Correo electrónico do boletín dixital: [comunicacions@apoegal.com](mailto:comunicacions@apoegal.com)

---

## Este boletín foi elaborado polo Grupo de Traballo de Publicacións

---

Ana Torres Jack (Deseño, Coordinación e Textos)

Eduardo Ares Vieito (Textos)

Susana Blanco Baluja

Mercedes Vázquez Vázquez

Mónica Pérez Mouriño

Esther Núñez Pintos

Consuelo García Álvarez